



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xaneiro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de xaneiro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(5).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 26 de decembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 28 de decembro e extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(6).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO, UN PROXECTO DENDE CASTILLA-LEÓN, PARA EXECUTAR O PROXECTO LANZADEIRAS DE EMPREGO. EXPTE. 15580/101.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

3(7).- BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» (AEFAS 2018). EXPTE. 148852/301.

Visto o informe xurídico do 13/12/17 e informe de fiscalización do 03/01/18, dáse conta do informe-proposta do 8/01/18, asinado pola xefa da Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



Concello de Vigo

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fa-cendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais; nomeadamente, na L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social e na L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia.

II. A POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL EN MATERIA DE AXUDAS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE.

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política Social, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considera necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias

básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 figura unha partida destinada especificamente a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas. A regulamentación do procedemento de concesión das axudas e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental das Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

III. O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018».

A L.9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece que poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria, debendo xustificar perante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións determinantes da concesión (Arts. 10.1 e 11 LSG e, en termos semellantes: Arts. 11.1 e 14.1 LXS).

As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, da situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia (Arts. 28.9 LSG e 30.7 LXS).

A teor do exposto, perante a intervención xeral municipal o que habería que xustificar é a concorrencia da situación socio-económica dos solicitantes establecida nas Bases como presuposto do outorgamento das axudas. En calquera caso, a maiores, a Concellería de Política Social considera necesario verificar o seu destino e aplicación ós fins previstos e, con este obxectivo, establécese nas Bases un determinado sistema de aboamento e de xustificación destas axudas, o que deberá permitir comprobar a súa efectividade e a correcta utilización dos recursos públicos.

Unha vez cumpridos os requisitos fixados para obter a condición de beneficiario, as contías a percibir por cada persoa ou unidade de convivencia serán calculadas tendo en conta número de membros, ingresos, gastos de aloxamento e persoas cunha discapacidade igual ou superior ó 65%.

Inclúense tamén criterios de prioridade no destino destas axudas, encamiñadas principalmente a solventar un dos problemas máis graves hoxendía das persoas e familias, como é o mantemento da vivenda habitual, evitando no posible as dramáticas consecuencias derivadas dos procesos de desafuzamento hipotecario ou por falta de pagamento da renda.

O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes deben cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.



Concello de Vigo

–A ditos solicitantes asignaráselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.620.000€) dividirase entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicará pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reservarase o resto da dotación da aplicación (20.000€) para atender ás posibles reclamacións que se presenten.

Visto o que antecede e a normativa aplicable, emitido informe xurídico (13.12.2017) e tamén o de fiscalización da Intervención xeral municipal o 03.01.2018 (que motivou a corrección do erro detectado na Base décimo cuarta e na Convocatoria e a supresión na proposta da referencia á tramitación anticipada do gasto), procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 1.640.000 € para financiar este Programa, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 (*“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”*), da seguinte forma:

- 1.620.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.
- 20.000 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a aplicación correspondente ó «Programa contra desafuzamentos e de emerxencia social para o ano 2018», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

TERCEIRO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (*“datos estruturados”*).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS
DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a él, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito (Arts. 25 DUDH e 11.1 PIDESC).

Especificamente, en relación coa protección da familia, establecen o deber de concederlle a máis ampla protección e asistencia posibles por parte da sociedade e do Estado (Arts. 16.3 DUDH e 10 PIDESC).

A Constitución española de 1978 sinala que as normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos humanos e ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España e, asumindo aqueles contidos, obriga ós poderes públicos a crear as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social (Arts. 9, 10.2 e ccdtes. CE/1978).

Ademais, no marco dos principios rectores da política social e económica, inclúe un mandato específico tendente a asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, regula o dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e axeitada e ordea ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito (Arts. 39 e 47 CE/1978).

II

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

Esta lei define os servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social.

Atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego



Concello de Vigo

de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, pretende garantir a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc., atribuíndolle competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Finalmente, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, atribúe tamén ós Concellos desta Comunidade Autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

III

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das faendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

IV

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política Social, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considerou necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitisen facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 figura unha partida por importe de 1.640.000€ destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas.

A regulamentación do procedemento de concesión das axudas para o exercicio de 2018 e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental destas Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

BASES

Primeira.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos.

Segunda.- Destinatarios.

O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» dirixese a aquelas



Concello de Vigo

persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un dos integrantes da unidade figure como beneficiario da axuda, esta concederáse sempre en beneficio de toda ela.

Terceira.- Definicións.

- «*Unidade de convivencia*»: para os efectos destas Bases, entenderase por tal o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto (4º) grao ou de afinidade ata o segundo (2º) grao. Con todo, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ó seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

- «*Situación de necesidade social*»: entenderase que unha persoa ou unidade de convivencia está nesta situación cando a suma dos seus ingresos, descontados os custos de aloxamento, non acadade o nivel de renda establecido na Táboa 1.1 destas Bases.

- «*Renda da unidade de convivencia*»: obterase sumando os ingresos netos mensuais (os que poidan xustificarse no momento da solicitude) de cada un dos seus membros e deducindo os gastos xustificadas en concepto de aloxamento da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, cos máximos que se fixan nestas Bases.

Cuarta.- Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nestas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Quinta.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.480.00.02 (“*Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética*”) dotada con 1.640.000,00 €, da seguinte forma:

- 1.620.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.
- 20.000,00 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2018», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Sexta.- Gastos subvencionables e compatibilidade con outras axudas.

6.1. Serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Gastos de aloxamento da vivenda habitual, situada no termo municipal de Vigo.

Inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Amortización de créditos hipotecarios da vivenda habitual.
- Aloxamentos provisionais (pensións, hostais, etc.).

b) Non inclúe:

- Gastos de comunidade.

c) Alimentación (agás bebidas alcohólicas).

d) Subministrados: enerxía eléctrica e gas de vivendas situadas no termo municipal de Vigo.

6.2. Estas axudas extraordinarias serán compatibles con outras que se poidan outorgar para o mesmo fin e que veñan a complementar o importe concedido. En ningún caso a suma de todas elas poderá superar o importe estimado do custo das necesidades por cubrir.

Sétima.- Requisitos.

7.1. Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios serán os seguintes:

1º.- Que o solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación da convocatoria destas axudas extraordinarias. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co correspondente certificado de inscrición no Rexistro Central de Extranxeiros ou, de ser o caso, coa tarxeta ou permiso de residencia, segundo corresponda.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co solicitante o día un (1) do mes anterior ó da publicación da convocatoria, de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó beneficiario. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os importes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:



Concello de Vigo

TÁBOA 1.1
INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA
(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
INGRESOS	300,00	350,00	400,00	450,00	500,00	550,00

7.2. Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2
GASTOS DE ALOXAMENTO
(importes máximos admitidos)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
Max. Alquiler	225,00	325,00	350,00	400,00	450,00	475,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia, o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.

7.3. A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

7.4. Tendo en conta a natureza destas axudas sociais extraordinarias e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a das mesmas.

Oitava.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias destas axudas:

- Colaborar activamente no proceso de xestión e aboamento das axudas e destinalas ós fins para os que foron concedidas, procedendo o seu reintegro en caso contrario.

- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería de Política Social, Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- c) Permitir e facilitar as posibles actuacións de inspección dos servizos sociais municipais.
- d) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

Novena.- Solicitude e documentación.

9.1. As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

9.2. Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten mais dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

9.3. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor do solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros, ademais:

-Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

-Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.

b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.

c) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.

d) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia (*)

e) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia (*).

f) De ser o caso, nóminas do mes anterior ó da publicación da convocatoria de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarase a última declaración trimestral de IVE.

g) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a *data de efectos económicos*). (*)



Concello de Vigo

(*) A documentación reseñada nos apdos. d), e) e g) só deberá presentala a persoa solicitante se non autoriza ó Concello de Vigo para obter directamente doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT.

h) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas. Se a persoa solicitante está a aboar pensión/s de alimentos, para que sexa de aplicación o disposto na Base 14.5 deberá achegar tamén a xustificación documental do seu pagamento, preferentemente mediante transferencia bancaria.

i) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarse certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador. Calquera cambio na documentación relativa ó arrendamento deberá ser notificada de inmediato á oficina tramitadora destas axudas.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,

- Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensualidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos “*recibín*” achegarse tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.

- Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarse tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.

j) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

Décima.- Presentación de solicitudes e prazo.

10.1. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

10.2. O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts.

17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento e subsanación das solicitudes.

A instrucción do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 68 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

Décimo segunda.- Comisión técnica de valoración.

A Comisión técnica de valoración destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política Social e integrada polo Xefe de Área, a Xefa do Servizo e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

Décimo terceira.- Tramitación e resolución das solicitudes de axudas.

13.1. Os responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

13.2. Rematada a instrucción do expediente, remitíraselle á Comisión técnica de valoración.

13.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- *Concedidas*: reseñarse a axuda de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- *Denegadas*: farase constar sempre a causa da denegación.

13.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión de valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 do orzamento de Benestar social do Concello.

13.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.



Concello de Vigo

13.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo cuarta.- Criterios de distribución das axudas.

14.1. A cantidade prevista (1.620.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

14.2. Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes anterior ó da publicación da convocatoria, descontado o custo do aloxamento dese mes e cos máximos establecidos na Táboa 1.2.

14.3. A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible dividirase entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto.

O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

14.4. Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaranse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

14.5. Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós seus fillos en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un dos fillos que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os datos identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes anterior ó da publicación da convocatoria.

14.6. Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas.

14.7. A mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o solicitante, persoa individual, o afectado por ese grao de discapacidade.

14.8. Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes computarán como un (1) membro mais da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acollidos, supostos de reagrupamento familiar...).

TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
-475 -451	21	27	30	34	38	41
-450 -401	21	27	30	34	38	40
-400 -351	21	27	30	34	36	38
-350 -301	21	27	30	32	34	36
-300 -251	21	26	28	30	32	34
-250 -201	21	24	26	28	30	32
-200 -151	20	22	24	26	28	30
-150 -101	18	20	22	24	26	28
-100 -51	16	18	20	22	24	26
-50 -0	14	16	18	20	22	24
1 a 50	12	14	16	18	20	22
51 a 100	10	12	14	16	18	20
101 a 150	8	10	12	14	16	18
151 a 200	6	8	10	12	14	16
201 a 250	4	6	8	10	12	14
251 a 300	2	4	6	8	10	12
301 a 350	—	2	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2

Décimo quinta.- Aboamento das axudas.

15.1. Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notifícase a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo dun (1) mes para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención (tarxetas sociais e cheques) e asinar os correspondentes documentos de entrega. Tendo en conta a seu carácter de axudas sociais extraordinarias e as necesidades básicas e inmediatas que con elas téntanse satisfacer, o incumprimento inxustificable dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

15.2. Se o beneficiario NON tivese concedida subvención con cargo a calquera programa de axudas ó alugueiro, a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:



Concello de Vigo

a) Se acreditou gastos de aloxamento:

O 70% da axuda concedida adicarase a aboar os atrasos de aluguer/hipoteca e as mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2018 (preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador).

- O 15% destinarase ó pagamento de gastos de subministros, mediante cheque bancario.
- O 15% restante será aboado mediante ingreso nunha tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

b) De non existir ou non poder acreditar os custos de aloxamento:

- O 40% do importe concedido, entregarase mediante cheque bancario para subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.3. Se o beneficiario Sí tivese concedida subvención con cargo a calquera programa de axudas ó alugueiro, a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

15.4. O 70% da axuda concedida adicarase a aboar os atrasos de aluguer/hipoteca e as mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2018 (preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador). Nestes casos a contía mesual que aboará o Concello será a diferenza entre o alugueiro e as outras axudas concedidas para o alugueiro. Estas circunstancias e as cantidades deberán ser comunicadas polos solicitantes antes da data de resolución das axudas. De non facelo, aboarase como se non tivesen concedidas outras axudas de alugueiro.

- O 15%, mediante cheque bancario para o aboamento de subministros.
- O 15% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.5. Por razóns operativas, non se aboarán mediante transferencia ou cheque bancario aquelas axudas de contía inferior a 15 €. De ser o caso, ingresaránse na tarxeta social.

15.6. Cando a axuda concedida se destine á compra de alimentos, o beneficiario deberá entregar os correspondentes tickets de compra no Departamento de Benestar social no prazo dun (1) mes.

15.7. Os gastos con cargo ás tarxetas sociais terán que realizarse antes do 15 de decembro de 2018.

Décimo sexta.- Revogación e réxime sancionador.

16.1. O incumprimento, total ou parcial, das condicións establecidas nestas Bases e, en especial, o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinja o regulado nas Bases sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro das

cantidades e xuros de mora correspondentes e da perda do dereito a solicitar estas axudas en posteriores convocatorias.

16.2. Canto ó réxime de infraccións e sancións aplicable e ó procedemento para a súa imposición, estarase ó previsto sobre o particular na normativa reguladora das subvencións públicas.

Décimo sétima.- Desenvolvemento.

Facúltase á Concelleira delegada da Área de Política Social para ditar as ordes e instrucións de aplicación que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento e execución destas Bases.

Décimo oitava.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

Os datos das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Eses datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social, perante a que os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na norma.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo novena.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Vixésima.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nestas Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de



Concello de Vigo

subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DO «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» DO CONCELLO DE VIGO (CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL)

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº do

Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.480.00.02 (“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”) dotada con 1.640.000,00 €, da seguinte forma:

- 1.620.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.
- 20.000,00 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2018», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Obxecto, finalidade e destinatarios.

As Bases aprobadas teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos. O Programa diríxese a aquelas persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un dos integrantes da unidade figure como beneficiario da axuda, esta concederáse sempre en beneficio de toda ela.

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Requisitos.

Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios serán os seguintes:

1º.- Que o solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación da convocatoria destas axudas extraordinarias. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co correspondente certificado

de inscrición no Rexistro Central de Extranxeiros ou, de ser o caso, coa tarxeta ou permiso de residencia, segundo corresponda.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co solicitante o día un (1) do mes anterior ó da publicación da convocatoria, de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó beneficiario. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os importes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:

TÁBOA 1.1

INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA

(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
INGRESOS	300,00	350,00	400,00	450,00	500,00	550,00

Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2

GASTOS DE ALOXAMENTO

(importes máximos admitidos)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
Max. Alquiler	225,00	325,00	350,00	400,00	450,00	475,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia, o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.



Concello de Vigo

A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

Instrucción e resolución: órganos competentes.

A Concellería de Política Social será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión técnica de Valoración e a Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

Presentación de solicitudes e prazo.

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Solicitud e documentación.

As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten mais dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

k) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor do solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros, ademais:

-Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

-Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.

l) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.

m) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.

n) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia (*)

o) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia (*).

p) De ser o caso, nóminas do mes anterior ó da publicación da convocatoria de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarase a última declaración trimestral de IVE.

q) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a *data de efectos económicos*). (*)

(*) A documentación reseñada nos apdos. d), e) e g) só deberá presentala a persoa solicitante se non autoriza ó Concello de Vigo para obter directamente doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT.

r) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas. Se a persoa solicitante está a aboar pensión/s de alimentos, para que sexa de aplicación o disposto na Base 14.5 deberá achegar tamén a xustificación documental do seu pagamento, preferentemente mediante transferencia bancaria.

s) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarase certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador. Calquera cambio na documentación relativa ó arrendamento deberá ser notificada de inmediato á oficina tramitadora destas axudas.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadroamento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,



Concello de Vigo

- Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos “*recibín*” achegarase tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.

- Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.

t) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

Recursos.

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Criterios de valoración e distribución das axudas.

A cantidade prevista (1.620.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes anterior ó da publicación da convocatoria, descontado o custo do aloxamento e cos máximos establecidos na Táboa 1.2.

A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible dividirase entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto. O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaranse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós seus fillos en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un dos fillos que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os datos

identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes anterior ó da publicación da convocatoria.

Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas. A mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o solicitante, persoa individual, o afectado por ese grao de discapacidade.

Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes computarán como un (1) membro mais da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acolidos, supostos de reagrupamento familiar...).

TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
-475 -451	21	27	30	34	38	41
-450 -401	21	27	30	34	38	40
-400 -351	21	27	30	34	36	38
-350 -301	21	27	30	32	34	36
-300 -251	21	26	28	30	32	34
-250 -201	21	24	26	28	30	32
-200 -151	20	22	24	26	28	30
-150 -101	18	20	22	24	26	28
-100 -51	16	18	20	22	24	26
-50 -0	14	16	18	20	22	24
1 a 50	12	14	16	18	20	22
51 a 100	10	12	14	16	18	20
101 a 150	8	10	12	14	16	18
151 a 200	6	8	10	12	14	16
201 a 250	4	6	8	10	12	14
251 a 300	2	4	6	8	10	12
301 a 350	—	2	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2

Publicidade.



Concello de Vigo

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificarase-lles a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo dun (1) mes para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención (tarxetas sociais e cheques) e asinar os correspondentes documentos de entrega. O incumprimento inxustificable dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

Publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4(8).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZOS DE TELEASISTENCIA 2018. EXPTE. 148133/301.

Dáse conta da proposta asinada con data 8/01/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2018 (148.133-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, do informe de valoración da proposición presentada e do previsto na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2018 (148.133-301) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN
EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.	100

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP esixe unha determinada habilitación profesional (*“é requisito imprescindible estar inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. A acreditación desta inscrición se incluírá no Sobre A”*).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(9).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 14538/77.

Visto o informe xurídico do 15/11/17 e informe de fiscalización do 04/01/18, dáse conta do informe-proposta do 6/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º) Con data 15/11/2017 dende o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego elevouse informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita con carácter previo á adopción do acordo (expte. 14.538/77).

2º) Con data 11/12/2017 devólvese o expediente ao servizo xestor para a subsanación das observacións formuladas pola Intervención Xeral Municipal.

3º) Por parte do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego procedeuse á subsanación das devanditas observacións, así coma á rectificación dos anexos correspondentes reflectidos na base 9ª e á modificación para dotar de maiores garantías ao procedemento de tramitación das subvencións regulado na base 12ª, remitindo o expediente en data 14/12/2017 á Intervención Xeral Municipal para informe de fiscalización.

4º) Con data 04/01/2018 a Intervención Xeral Municipal devolve o expediente concluíndo que: *“A teor do contido, o seu obxecto, finalidade, tramitación e órgano proposto para a súa aprobación, a fiscalización do expediente é de conformidade sempre que no Informe-Proposta se elimine a tramitación anticipada, xa que ao iniciarse o expediente no ano 2017, tramitouse inicialmente como anticipado de gasto, ao retrasarse a súa tramitación por mor das operacións de peche do exercicio orzamentario de 2017 e comenazar o exercicio 2018 decae este tipo de tramitación”*.



Concello de Vigo

Xa que logo, procédese á eliminación da tramitación anticipada para a remisión á Xunta de Goberno de Goberno Local do seguinte:

INFORME- PROPOSTA

I. Obxecto da subvención:

As subvencións obxecto das presentes bases reguladoras están dirixidas a fomentar o emprego entre os/as veciños/as de Vigo, en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), a través de actuacións realizadas ou pendentes de levar a cabo, **desde o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2018**; co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LR-BRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LR-BRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desem-

pregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- | | | |
|-----------------|------------------------------------|--------------------------------|
| ✓ Programa I: | “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: | “Organizacións sindicais” | Epígrafes 5.1 |
| ✓ Programa IV: | “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: | “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: | “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

IV. Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.



Concello de Vigo

VI. Normativa de aplicación:

Dacordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, dacordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2018 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude ou a documentación complementaria presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios elec-

trónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2018 do Concello de Vigo é de **1.000.000,00 €** (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.



Concello de Vigo

X. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

XI. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia e do artigo 127.1.g) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 1.000.000,00 € (un millón de euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2018.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” correspondentes ao ano 2018 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan no Anexo I.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2018.

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Obxecto:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018.

Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de desemprega-



Concello de Vigo

dos/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2016.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro,

que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafes 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
6. Que acrediten que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, mediante a achega das correspondentes certificacións nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar os seus datos ante a Axencia Tributaria de Galicia, ante a Axencia Estatal Tributaria (AET) e ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS).
7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.



Concello de Vigo

9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

10. Que realicen convocatoria pública da oferta de emprego cando menos 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web e/ou rede social da entidade.
- b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>), no formato establecido no Anexo VII. De non estar de alta na mesma, será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos con 24 horas de antelación á data de publicación.
- c) Exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, no formato establecido no Anexo VII, que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos con 24 horas de antelación á data de publicación.

11. O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.

12. A entidade poderá engadir os salarios e seguridade social de como máximo un/unha traballador/a cunha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante, sempre e cando sexa imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas, poderá solicitar ata un máximo do 50% dos seus custes salariais, e polo prazo máximo do solicitado de contratación do persoal de novo ingreso.

BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social das persoas traballadoras contratadas dentro do ano da convocatoria, entre os meses de xaneiro e setembro, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas.

Así mesmo, serán subvencionables os seguintes gastos:

- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a cunha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Os gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2. En ningún caso serán subvencionables os seguintes conceptos:

- a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
- b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
- c) As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.
- d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.
- e) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- f) Os gastos de procedementos xudiciais

O custe dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2018) do Concello de Vigo é de 1.000.000,00 € (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da



Concello de Vigo

actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todo lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VIII aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2018, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.

4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

BASE 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN



Concello de Vigo

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes anexarán á solicitud a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I “Solicitud”: Unha solicitud de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitud de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: “Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2018”.

f) Anexo VI: Autorización para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as *Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e frónte a Seguridade Social*, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

g) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para com-

pletar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados os devanditos documentos. En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.

1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

- | | |
|---|---------------|
| a) Participación en convocatorias de fomento do emprego | ata 4 puntos: |
| • Tres (3) ou máis convocatorias | 4 puntos |
| • Dúas (2) convocatorias | 3 puntos |
| • Unha (1) convocatorias | 2 puntos |
| b) Outras colaboracións | ata 2 punto |
| c) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*) | ata 4 puntos: |
| • Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda | 2 puntos |
| • Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25% | 2,5 puntos |
| • Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50% | 3 puntos |
| • Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75% | 3,5 puntos |
| • Superior ó 85% | 4 puntos |

(*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.



Concello de Vigo

No caso de que a colaboración non obteña a puntuación mínima de 2 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

2. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.

2.1. Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Ata 3 puntos.
- b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno: Ata 2 puntos.
- c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos: Ata 2 puntos.
- d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención: Ata 1 punto.
- e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede: Ata 1 punto.
- f) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración: Ata 1 punto.

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.- Ata 30 puntos.

3.1. Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.

3.2. O tempo de duración do contrato:

- | | |
|--------------------|---------------------------|
| a) 2 meses | 1,00 puntos por contrato. |
| b) 3 meses | 1,25 puntos por contrato. |
| c) 4 meses | 1,50 puntos por contrato. |
| d) 5 meses | 1,75 puntos por contrato. |
| e) 6 meses | 2,00 puntos por contrato. |
| f) 7 meses ou máis | 2,25 puntos por contrato. |

3.3. Xornada:

- | | |
|--|--------------------------|
| a) Completa | 1,00 puntos por contrato |
| b) Reducida superior ao 50% da xornada | 0,75 puntos por contrato |
| c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15% | 0,50 puntos por contrato |
| d) Reducida igual ou inferior ao 15% | 0,25 puntos por contrato |

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2017 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fóra de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou deficiente, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fíxese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa peti-



Concello de Vigo

ción, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderáse modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

- 1.Redución do período de contratación sempre que non desvirtue os obxectivos do proxecto presentado.

- 2.Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
- 3.Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
- 4.Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de que no prazo de dez días poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes.

Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

7- A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de catro meses contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Concello de Vigo

9- Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

12- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

13.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

14.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

BASE 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A entidade beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar electrónicamente unha conta xustificativa: composta dunha memoria de actividades e dunha memoria económica.

· Memoria de actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:

- Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

· Memoria económica: que incluírá a relación dos custos salariais e de seguridade social, así coma dos outros custos (gastos financeiros e de xestión), cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarase o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- Custos salariais: as retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados
- Contrato de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo á subvención.
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións e Relación nominal de traballadores, ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.



Concello de Vigo

- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

- Outros custos: reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o nome de empresa, o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

- A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

- A beneficiaria achegará unha declaración responsable na que declare que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcurrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

O persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 16ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez se-xan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezcan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 17ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións



Concello de Vigo

- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 19ª.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos do disposto na Base 2ª.11, a entidade que teña unha proposta de contratación formulará petición para que se convoque a Comisión de Seguimento. A devandita Comisión estará integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario da comisión.
 - b) Dous membros nomeados pola Xunta directiva da entidade.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión e, de forma ordinaria realizará as súas sesións todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva. En todo caso, para a súa válida constitución, será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e do Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Realizar a selección de persoal a contratar, conforme a proposta motivada presentada pola entidade e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo



Concello de Vigo

común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 21ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2018.

Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidade de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentas de levar a cabo, desde o **1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro,

que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” Epígrafes 10.1 e 10.5.
- ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
- ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” Epígrafes 5.1
- ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. Epígrafes 5.2
- ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. Epígrafe 10.7
- ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto.- Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Quinto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario de 2018 do Concello de Vigo é de **1.000.000,00 €** (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros).



Concello de Vigo

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais dispoñibles na páxina web (www.vigo.org). Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

Sétimo.- Órganos competentes para a instrucción, resolución do procedemento e notificación:

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse as/os interesadas/os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen

dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada do procedemento. O prazo de resolución e notificación será de **catro meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Oitavo. Criterios de valoración:

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) **Participación en convocatorias de fomento do emprego** ata 4 puntos:
 - Tres (3) ou máis convocatorias 4 puntos
 - Dúas (2) convocatorias 3 puntos
 - Unha (1) convocatorias 2 puntos
 - b) **Outras colaboracións** ata 2 punto
 - c) **Calidade das xustificacións do importe das axudas (*)** ata 4 puntos:
 - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda 2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25% 2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50% 3 puntos



Concello de Vigo

- Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75% 3,5 puntos
- Superior ó 85% 4 puntos

(*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.

No caso de que a colaboración non obteña a puntuación mínima de 2 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

2. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.

2.1. Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Ata 3 puntos.
- b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno: Ata 2 puntos.
- c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos: Ata 2 puntos.
- d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención: Ata 1 punto.
- e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede: Ata 1 punto.
- f) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración: Ata 1 punto.

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.- ta 30 puntos.

3.1. Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.

3.2. O tempo de duración do contrato:

- a) 2 meses 1,00 puntos por contrato.
- b) 3 meses 1,25 puntos por contrato.
- c) 4 meses 1,50 puntos por contrato.
- d) 5 meses 1,75 puntos por contrato.
- e) 6 meses 2,00 puntos por contrato.
- f) 7 meses ou máis 2,25 puntos por contrato.

3.3. Xornada:

- a) Completa 1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada 0,75 puntos por contrato
- c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15% 0,50 puntos por contrato
- d) Reducida igual ou inferior ao 15% 0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Noveno.- Outros datos:

A beneficiaria, no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar electrónicamente unha unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Décimo.- Publicación:

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

6(10).-ACEPTACIÓN DA RENOVACIÓN DE SUBVENCIÓN DE AMTEGA PARA A XESTIÓN DA AULA CEMIT ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 7832/320.
Visto o informe xurídico do 26/12/17 e informe de fiscalización do 29/12/17, dáse conta do informe-proposta do 20/12/17, asinado polo xefe do servizo de Participación Cidadá e o concelleiro-delegado da Area, que di o seguinte:



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos (número expediente: 6971-320):

1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.

2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.

Con data 04/03/2014, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:

- 1. Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, AMTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
- 2. Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

Con data 14/12/2015, a Xunta de Galicia, ten comunicado ao Concello de Vigo o acordo de "Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia os concellos relacionados no Anexo I", anexo no que se atopa o Concello de Vigo, co criterio a e unha subvención de 15.000 € (Aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2016 co número de expediente: 7270-320).

Con data 19/12/2016, recibíuse nova comunicación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) da Xunta de Galicia coa resolución de renovación da Aula CeMIT de referencia e concesión de unha nova subvención ao prorrogarse a vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2017 coa sinatura da IV Addenda o día 19 de setembro de 2016.

Finalmente, con data 20/12/2017, AMTEGA comunica a **nova prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2018** e a nova resolución na que se propón o seguinte:

"Primeiro: Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia ás entidades locais relacionadas no Anexo I (Vigo incluída)

Segundo: Aprobar a concesión dunha subvención polo importe que se especifica no Anexo I (15.000,00 €), condicionada o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo II.

Terceiro: Notificar este acto ás entidades locais relacionadas en anexo I con indicación de que contra esta resolución, que po fin á vía administrativa, poderase interpoñer os seguintes recursos..."

O desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT do Concello de Vigo, se atopan incluídas dentro das competencias propias do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 apartado “ñ) *Promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.*”, xa que a finalidade da aula CeMIT, é converterla nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:

- Aumentar a accesibilidade a Internet
- Avanzar na alfabetización dixital
- Diminuír a fenda dixital
- Mellorar a empregabilidade

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no anexo I da resolución.
3. Delegar no concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos a representación do Concello de Vigo diante da Federación Galega de Municipios e Provincias, Secretaría Xeral de Modernización e innovación Tecnolóxica, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(11).-ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AVDA. RAMÓN NIETO, MARXE IMPAR, DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE”. EXPTE. 5035/440.

Dáse conta do informe-proposta do 22/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario,o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e



Concello de Vigo

saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras incluídas no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, que se contén na parte expositiva do mesmo acordo, dando conta de ditas prescricións á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, aos efectos da súa observancia e estrito cumprimento; e con data de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- No punto III do acordo citado de 8 de marzo de 2013 establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia a redacción dos correspondente proxecto técnico das obras incluídas no devandito Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade dos mesmos.

IV.- Con data 15 de novembro de 2017 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe no que consideran de urxencia e execución inaprazable as obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO MARXE IMPAR DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE”.

IV.- En data 17 de novembro de 2017 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO MARXE IMPAR DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE”.

V.- O proxecto a redactar deberase atinguir ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO MARXE IMPAR DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE”.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto de obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO MARXE IMPAR DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(12).-REINTEGRO DE GASTOS DE DEFENSA LETRADA SATISFEITOS POR MEMBRO DA CORPORACIÓN CON OCASIÓN DE PROCEDEMENTO XUDICIAL NO QUE TEN SIDO PARTE. EXPEDIENTE 1485/110.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/17, asinado polo secretario do Pleno e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

ROFCL. Real Decreto 2568/1986, de 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Antecedentes. Mediante escrito do 14.12.2017 D. José Manuel Figueroa Vila, concelleiro con competencias delegadas en materia de Urbanismo no período comprendido entre 02.01.2004 e 26.05.2007, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo; adxunta (doc. nº 4 da documentación) Auto de 28.07.2016 que na parte dispositiva di, "(...) *Se acorda o sobresemento provisional e parcial da presente causa respecto dos investigados: ... José Manuel Figueroa Vila (...)*"

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Providencia que consta no expediente, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

INFORME

I. As dilixencias previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 do Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo refírense a expediente (REC 1549/440) tramitado no Concello de Vigo no que presentamente participou, D. José Manuel Figueroa Vila, concelleiro con competencias delegadas.



Concello de Vigo

das en materia de Urbanismo no período comprendido entre 02.01.2004 e 26.05.2007. O Auto, no Razoamento Xurídico Primeiro, sinala que as obras obxecto das dilixencias (dous illas de recollida de lixo no entorno de Barreiro) leváronse a cabo unha vez concluído o mandato do Sr. Figueroa.

Nas dilixencias o peticionario contratou a defensa de avogado supoñendo iso un gasto.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, “(...) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)*”. En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, “(...) *Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)*”.

Os membros do goberno municipal (concelleiros), no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a, “(...) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)*”.

O TS en sentenza de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres circunstancias: (i) que sexa por unha actuación en cumprimento das súas funcións; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso ou desviación de poder, e (iii) cando exista arquivo ou absolución.

Concorren as circunstancias.

O sobresemento “parcial” da causa é consecuencia de que na mesma se mantén a investigación doutros terceiros.

O sobresemento “provisional” respecto de D. José Manuel Figueroa Vila supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(...) O Auto de sobresemento provisional, pola a súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)”, STS 6.05.1983.

II. O importe dos honorarios profesionais, segundo minuta (doc. nº5 da documentación aportada), se eleva a 2.420,00 euros.

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado en relación aos honorarios. O importe é acorde aos prezos de mercado.

III. O interesado, no seu escrito, comunica conta de abono.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Indemnizar e aboar a D. José Manuel Figueroa Vila na conta corrente comunicada o importe de 2.420,00 euros en concepto de reintegro de honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Tesourería municipal e ao interesado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(13).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez